

**I. DISPOSICIÓN XERAIS****MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO  
AMBIENTE**

**13258** *Real decreto 1077/2014, do 19 de decembro, polo que se regula o Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas.*

Desde o seu establecemento en 1993, en virtude do Regulamento (CEE) n.º 3508/92 do Consello, do 27 de novembro de 1992, polo que se establece un sistema integrado de xestión e control de determinados réximes de axuda comunitarios, o sistema integrado de xestión e control estivo composto, entre outros elementos, polas declaracións ou solicitudes de axuda «superficies» e por un sistema de identificación das parcelas agrícolas. Este sistema de identificación de parcelas agrícolas era inicialmente alfanumérico e, a partir do ano 2005, un sistema baseado na aplicación das técnicas dos sistemas de información xeográfica, que se debería establecer a partir de mapas ou documentos catastrais, conforme o recollido no Regulamento (CE) n.º 1593/2000 do Consello, do 17 de xullo de 2000, que modifica o Regulamento (CEE) n.º 3508/92 polo que se establece un sistema integrado de xestión e control de determinados réximes de axuda comunitarios.

O Regulamento (CE) n.º 3508/1992 do Consello, do 27 de novembro de 1992, quedou derogado e substituído sucesivamente polo Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CEE) n.º 2019/93, (CE) n.º 1452/2001, (CE) n.º 1453/2001, (CE) n.º 1454/2001, (CE) n.º 1868/94, (CE) n.º 1251/1999, (CE) n.º 1254/1999, (CE) n.º 1673/2000, (CEE) n.º 2358/71 e (CE) n.º 2529/2001, e posteriormente polo Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1290/2005, (CE) n.º 247/2006, (CE) n.º 378/2007 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1782/2003. Non obstante, en ambos os regulamentos mantéñense as mesmas obrigas en relación co Sistema de identificación das parcelas agrícolas.

O 20 de decembro de 2013 publícase o Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 352/78, (CE) n.º 165/94, (CE) n.º 2799/98, (CE) n.º 814/2000, (CE) n.º 1290/2005 e (CE) n.º 485/2008 do Consello. Así mesmo, publicouse tamén o Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 637/2008 e (CE) n.º 73/2009 do Consello. No primeiro deles establécense os requisitos relativos ao Sistema integrado de xestión e control, incluído o Sistema de identificación de parcelas agrícolas. No segundo, derrógase o Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro de 2009.

O artigo 7.4 do mencionado Regulamento (CE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, dispón que os Estados membros que autoricen máis dun organismo pagador tamén designarán un organismo de coordinación público (o «organismo coordinador»), ao cal lle encargarán, entre outras funcións, fomentar e, cando sexa posible, garantir, a aplicación harmonizada da lexislación da Unión. A autoridade competente en España para levar a cabo a mencionada coordinación

é o Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), en virtude do disposto no artigo 3.6 do Estatuto do Fondo Español de Garantía Agraria, aprobado no Real decreto 1441/2001, do 21 de decembro. Así mesmo, correspóndelle o seguimento das actuacións das comunidades autónomas en materia da súa competencia, con obxecto de garantir a aplicación harmonizada no territorio nacional da regulamentación comunitaria, así como o seguimento da aplicación harmonizada no territorio nacional dos controis e sancións que, derivados da regulamentación comunitaria, deban aplicar as comunidades autónomas de acordo coas súas competencias.

En España, o Sistema de identificación de parcelas agrícolas é o Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (SIXPAC). Este real decreto ten por obxecto establecer os criterios básicos que deben garantir o correcto funcionamento do SIXPAC como ferramenta de obrigada utilización na xestión das axudas comunitarias, e que é a base identificativa de calquera tipo de axuda relacionada coa superficie.

A explotación e o mantemento do SIXPAC correspóndenlles ás comunidades autónomas, aínda que a Administración xeral do Estado, a través do FEGA, ten atribuídas facultades executivas imprescindibles para garantir o seu óptimo funcionamento cando as comunidades autónomas non dispoñan dos medios apropiados para realizar determinadas actividades ou cando para a súa realización sexa necesaria a coordinación con outras unidades da Administración xeral do Estado, entre outras, a actualización por renovación da ortofotografía aérea, en coordinación coa Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional (IGN) do Ministerio de Fomento, e a converxencia das parcelas SIXPAC co catastro, en coordinación coa Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Tales actuacións teñen o carácter de actos de execución de natureza básica, de conformidade coa doutrina constitucional (por todas, as sentenzas do Tribunal Constitucional 95/1986 e 213/1994, ou a moi recente 74/2014, do 8 de maio). Trátase de actuacións imprescindibles para garantir a integridade e coherencia do sistema, que se deben realizar de forma periódica e que non poden ser realizadas polas comunidades autónomas. Estas actuacións, por outra parte, sométense a acordo de todas as administracións participantes no seo da mesa de coordinación do SIXPAC.

Este sistema xerado e actualizado periodicamente a partir de ortofotografías aéreas e da información catastral rústica dispoñible incorpora os elementos necesarios para facilitar a xestión e o control das axudas comunitarias. Co fin de garantir unha eficiente utilización dos recursos públicos e mellorar o servizo aos agricultores, prevese a necesaria coordinación coa información contida no catastro inmobiliario. Así mesmo, baixo este mesmo principio de eficiencia, a renovación da ortofotografía mediante voos fotogramétricos específicos estase a realizar conxuntamente co IXN mediante convenio no marco do Plan nacional de observación do territorio (PNOT).

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación contida no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Na súa tramitación, someteuse a consulta das comunidades autónomas e entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de decembro de 2014,

DISPOÑO:

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto establece as normas de aplicación en España do Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas (SIXPAC) e a súa utilización como instrumento de xestión no marco do sistema integrado de xestión e control e resto de réximes de axuda relacionados coa superficie da política agrícola común.

### Artigo 2. *Utilización do SIXPAC.*

1. Amparado no artigo 70 do Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, a xestión e o seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 352/78, (CE) n.º 165/94, (CE) n.º 2799/98, (CE) n.º 814/2000, (CE) n.º 1290/2005 e (CE) n.º 485/2008 do Consello, o SIXPAC é o Sistema de identificación de parcelas agrarias para efectos da xestión e control dos réximes de axuda establecidos nel, así como para os réximes de axuda nos cales sexa preciso identificar as parcelas; é, polo tanto, a única base de referencia para a identificación das parcelas agrícolas no marco da política agrícola común.

2. Non obstante, de forma excepcional, naquelas áreas nas cales non sexa posible utilizar o SIXPAC pola existencia de modificacións territoriais ou por outras razóns debidamente xustificadas, as comunidades autónomas poderán determinar a utilización temporal, nas ditas áreas, doutras referencias oficiais identificativas de parcelas para todos os réximes de axuda nos cales sexa preciso identificalas. Será preceptivo dar publicidade do seu alcance antes do inicio de calquera campaña de axudas.

3. Sen prexuízo do establecido no número 1, cando así o decidan, as comunidades autónomas poderán establecer na súa normativa que a declaración de superficies poderá facerse de acordo con referencias identificativas distintas do SIXPAC nos seguintes supostos:

a) Para a declaración das superficies de pastos utilizados en común, conforme o recollido no anexo XII do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.

b) Para as axudas relacionadas coa superficie no sector vitivinícola, poderase seguir utilizando o Rexistro Vitícola como sistema de identificación de parcelas. Non obstante, as comunidades autónomas que se acollan a esta excepción deberán asegurarse de que todas as parcelas identificadas nos rexistros vitícolas teñan reflexo na información gráfica e alfanumérica do SIXPAC.

### Artigo 3. *Carácter e natureza xurídica do SIXPAC.*

1. O SIXPAC é un rexistro público de carácter administrativo dependente do Fondo Español de Garantía Agraria e das consellerías con competencias en materia de agricultura das comunidades autónomas, que contén información das parcelas susceptibles de beneficiarse das axudas comunitarias relacionadas coa superficie e dispón de soporte gráfico do terreo e das parcelas e recintos con usos ou aproveitamentos agrarios definidos.

2. O SIXPAC configúrase como unha base de datos xeográfica coas características técnicas definidas no anexo I, que contén a delimitación xeográfica de cada recinto coa súa referencia individualizada, o atributo correspondente ao seu uso agrario e outra información relevante, ademais doutras cartografías necesarias para cumprir a súa función, e ortofotografías e mapas de referencia de todo o territorio nacional.

3. A base de datos pode estar:

a) Centralizada no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. A información residirá no servidor do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que a poñerá á disposición das comunidades autónomas e dos usuarios na forma que se determine, e ao cal lle corresponde a xestión e o mantemento do sistema informático.

b) Distribuída entre as comunidades autónomas. Neste caso a información residirá no servidor da comunidade autónoma, e corresponderalle ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a xestión e o mantemento do sistema informático central, onde residirá unha copia da base de datos autonómica, e ás comunidades autónomas, a xestión e mantemento dos seus propios sistemas.

4. Independentemente do sistema adoptado, a información que contén o SIXPAC é única, e este permitirá, en todo momento, a consulta de datos actualizados de todo o territorio nacional. A selección dunha determinada opción deberá permitir o mantemento dun sistema gráfico continuo que garanta a calidade da información contida e a súa uniformidade en todo o territorio español.

5. A información contida no SIXPAC non inclúe a correspondente á titularidade ou propiedade das parcelas, polo que non se pode utilizar para os ditos efectos nin tampouco para a delimitación de lindeiros legalmente recoñecidos e outras propiedades do terreo que resulten competencia dos rexistros da propiedade, da Dirección Xeral do Catastro ou dos órganos competentes en materia do catastro inmobiliario nas comunidades autónomas de Navarra e do País Vasco.

#### Artigo 4. *Definicións.*

Para os efectos previstos neste real decreto, aplicaranse as definicións recollidas no artigo 3 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, e entenderase por:

a) Parcela SIXPAC: unha superficie continua do terreo cunha referencia alfanumérica concreta representada graficamente no SIXPAC. A súa delimitación gráfica coincide coa da parcela catastral salvo cando por modificación desta última aínda non se rexistrase a dita modificación no SIXPAC.

b) Recinto SIXPAC: é a parcela de referencia definida no número 25 do artigo 2 do Regulamento delegado (UE) n.º 640/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta ao sistema integrado de xestión e control e ás condicións sobre a denegación ou retirada dos pagamentos e sobre as sancións administrativas aplicables aos pagamentos directos, á axuda ao desenvolvemento rural e á condicionalidade, e defínese como unha superficie continua de terreo, delimitada xeograficamente, dentro dunha parcela cun uso único dos definidos no anexo II e cunha referencia alfanumérica única.

c) Coeficiente de regadío: potencial ou capacidade de rega que ten un recinto expresado en tanto por cento e que debe estar contrastado pola autoridade competente na súa asignación.

#### Artigo 5. *Réxime de explotación e mantemento do SIXPAC.*

1. As comunidades autónomas son as responsables da explotación e mantemento do SIXPAC no seu territorio. Para tal efecto, establecerán as medidas adecuadas para:

a) Asistir os produtores na súa utilización, facilitando a información necesaria das parcelas agrícolas, de forma que poidan cubrir adecuadamente as solicitudes de axuda relacionadas coa superficie.

b) Atender e resolver as alegacións que poidan presentar os produtores sobre o seu contido, segundo as condicións recollidas no artigo 7.

c) Incorporar á base de datos as actualizacións gráficas e dos atributos dos recintos, así como as correspondentes ás superficies de interese ecolóxico e os elementos da paisaxe a que fai referencia o artigo 2 do Real decreto 1078 /2014, do 19 de decembro, polo que se establecen as normas da condicionalidade que deben cumprir os beneficiarios que reciban pagamentos directos, determinadas primas anuais de desenvolvemento rural, ou pagamentos en virtude de determinados programas de apoio ao sector vitivinícola.

2. O Fondo Español de Garantía Agraria realizará as seguintes funcións en relación coa explotación e mantemento do SIXPAC:

a) Coordinar o correcto funcionamento do SIXPAC, para garantir a homoxeneidade na súa explotación e o mantemento por parte das comunidades autónomas, a través da mesa de coordinación do SIXPAC a que se refire o artigo 8.

b) Realizar a avaliación cualitativa do Sistema de identificación de parcelas agrarias a que fai referencia o artigo 6 do Regulamento delegado (UE) n.º 640/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014.

c) Garantir a adecuada renovación e actualización da información contida no SIXPAC en coordinación con outras unidades da Administración xeral do Estado; para este efecto prestará a asistencia técnica necesaria para garantir o seu correcto funcionamento. En particular, se así se acorda no ámbito da mesa de coordinación constituída de conformidade co artigo 8, o FEGA procederá á actualización do SIXPAC por renovación da ortofotografía aérea, en coordinación coa Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional do Ministerio de Fomento, e a converxencia das parcelas SIXPAC co Catastro, en coordinación coa Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

*Artigo 6. Responsabilidade do solicitante de axudas da política agraria común e doutras subvencións.*

1. Para os efectos das solicitudes de axudas recollidas no artigo 1 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, así como calquera outra subvención ou rexistro público en que se utilice o SIXPAC como referencia para a declaración de superficies, o agricultor que declara os recintos SIXPAC polos cales se solicitan estas axudas ou a inscrición no rexistro correspondente é o responsable último de que a información, tanto gráfica como alfanumérica, rexistrada no SIXPAC sexa verídica e coincidente coa realidade.

En particular, o solicitante comprovará que a delimitación gráfica e o uso do recinto SIXPAC se corresponden coa realidade do terreo e que o recinto non contén elementos non elixibles como camiños, edificacións ou outros elementos improdutivos de carácter permanente. Por último, no caso de recintos de pasto, asegurarse de que o coeficiente de admisibilidade de pastos asignado ao recinto reflicte adecuadamente a porcentaxe da súa superficie admisible.

2. No caso de que con posterioridade á solicitude de axuda ou inscrición no rexistro correspondente se comprobe que a información rexistrada no SIXPAC non é a correcta, aplicarase o réxime de infraccións e sancións que corresponda. Unicamente quedará exonerado o solicitante mediante demostración fidedigna de ter posto en coñecemento da autoridade competente, nos prazos establecidos no número 3 do artigo 7 deste real decreto, a discordancia constatada, a cal non foi atendida por causas non imputables a el, tanto se a información procede do propio solicitante como se procede doutras fontes. No caso concreto da solicitude de axudas dos pagamentos directos e medidas de desenvolvemento rural no ámbito do sistema integrado, aplicaranse as penalizacións e, se é o caso, a devolución dos pagamentos indebidamente percibidos, recollidas nos artigos 97 e 101 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.

## Artigo 7. *Solicitudes de modificación do SIXPAC.*

1. No caso de que o titular dun recinto SIXPAC ou calquera persoa que acredite a capacidade de uso e desfrute do seu aproveitamento non estea conforme coa información que o SIXPAC ten rexistrada respecto do dito recinto, por non coincidir coa realidade do territorio, deberá requirir a súa revisión, presentando a solicitude de modificación correspondente, debidamente motivada e xustificada documentalmente, ante a comunidade autónoma onde se encontre o recinto SIXPAC.

Sen prexuízo do anterior, cando a solicitude de modificación se refira á información gráfica ou alfanumérica inherente á parcela catastral que contén o recinto en cuestión, esta solicitude deberase presentar perante a autoridade competente para a xestión do catastro inmobiliario da provincia onde se encontre a parcela.

2. As comunidades autónomas establecerán os procedementos necesarios para tramitar as solicitudes de modificación do SIXPAC á cal se fai referencia no punto anterior.

3. En canto ao prazo de presentación das solicitudes de modificación do SIXPAC, a non ser que as comunidades autónomas establezan uns prazos distintos na súa normativa, terase en conta o seguinte:

a) Os interesados poderán formular en calquera momento alegacións ao contido do SIXPAC mediante a presentación da solicitude de modificación a que se fai referencia no número 1.

b) Non obstante o anterior, cando a modificación que se pretenda deba ser tida en conta para a concesión dunha axuda, aquela deberase presentar antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes de axuda de que se trate.

c) No caso concreto da solicitude única de axudas directas da política agraria común reguladas no Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural, o último día do prazo a que se fai referencia na alínea b) nunca será anterior ao 31 de maio de cada campaña.

## Artigo 8. *Mesa de coordinación do SIXPAC.*

1. A Mesa de Coordinación do SIXPAC (en diante, Mesa de Coordinación) constitúese como órgano colexiado, adscrito ao Fondo Español de Garantía Agraria a través do seu presidente, para a coordinación de todos os traballos relacionados coa explotación e mantemento do SIXPAC, intercambio da información e incorporación das innovacións tecnolóxicas que se exixan para o seu mellor funcionamento.

2. Correspóndelle, así mesmo, á Mesa de Coordinación:

a) Coñecer os acordos e convenios subscritos entre o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e as comunidades autónomas con entidades públicas ou privadas sobre cesión de datos do SIXPAC, de acordo cos criterios fixados para o efecto pola propia Mesa.

b) Acordar, por proposta das comunidades autónomas ou do FEGA, a forma e as condicións de actualización do SIXPAC, mediante a aprobación do plan de renovación do sistema, incluíndo actualización de ortofotos, modificacións parcelarias, capas temáticas de usos agrarios e canta información deba ser obxecto de actualización periódica.

c) Aprobar, por proposta do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou das comunidades autónomas, a incorporación de nova información na base gráfica, así como a aplicación das innovacións ou procesos tecnolóxicos no sistema, modificación das condicións ou réxime de acceso, de cesión, ou de proceso de datos.

d) Coñecer os proxectos de disposicións de carácter xeral que se diten en desenvolvemento deste real decreto.

e) Realizar de cantas funcións sexan precisas para o mellor cumprimento dos seus fins.

3. A Mesa de Coordinación estará integrada por responsables designados polas administracións competentes, de acordo coa seguinte composición:

- a) Presidente: o presidente do Fondo Español de Garantía Agraria.
- b) Vicepresidente: o subdirector xeral de Axudas Directas do Fondo Español de Garantía Agraria.
- c) Vogais:

1.º Un representante por cada unha das comunidades autónomas que decidan integrarse.

2.º Dous representantes do Fondo Español de Garantía Agraria, designados polo seu presidente.

3.º O subdirector xeral de Sistemas Informáticos e Comunicacions do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

4.º Un representante da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, designado polo titular do mencionado centro directivo, con rango de subdirector xeral.

5.º Un representante da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, designado polo titular do mencionado centro directivo, con rango de subdirector xeral.

6.º Un representante da Subsecretaría de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, designado polo titular do mencionado centro directivo, con rango de subdirector xeral.

7.º Un representante da Secretaría de Estado de Medio Ambiente, designado polo titular do mencionado centro directivo, con rango de subdirector xeral.

8.º Un representante da Dirección Xeral do Catastro, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, con rango de subdirector xeral.

9.º Un representante do Instituto Xeográfico Nacional, do Ministerio de Fomento, con rango de subdirector xeral.

d) Secretario: un funcionario do Fondo Español de Garantía Agraria, designado polo seu presidente.

4. En caso de ausencia, vacante, enfermidade ou outras causas, o vicepresidente substituirá o presidente.

5. A Mesa de Coordinación do SIXPAC poderá decidir a asistencia de expertos, con voz pero sen voto, e constituír os grupos de traballo que considere oportunos para o mellor desempeño das súas funcións.

6. O réxime xurídico, no non previsto neste real decreto, axustarase ás normas contidas en materia de órganos colexiados no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7. O funcionamento da Mesa de Coordinación do SIXPAC será atendido cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados ao Fondo Español de Garantía Agraria.

#### Artigo 9. *Colaboración entre administracións públicas.*

1. Para o desenvolvemento das actuacións previstas neste real decreto, estableceranse os mecanismos de coordinación técnica e administrativa oportunos entre o FEGA e as comunidades autónomas, en particular para o establecido no artigo 5.2 b) e c).

2. O FEGA establecerá os mecanismos de coordinación e colaboración, técnica, financeira e administrativa, con outras unidades da Administración xeral do Estado competentes en materia de información xeográfica. En particular, a renovación de ortofotografías do SIXPAC coordinarase co Plan nacional de ortofotografía aérea (PNOA), dirixido pola Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional. Así mesmo, o FEGA colaborará co Instituto Xeográfico Nacional para que o SIXPAC contribúa á consecución dos fins do Plan nacional de observación do territorio (PNOT), e de forma xeral co Sistema

cartográfico nacional, aprobado mediante o Real decreto 1545/2007, do 23 de novembro, polo que se regula o Sistema cartográfico nacional, do cal o PNOT forma parte.

Para tal efecto, tamén se terán en conta os preceptos establecidos na Lei 14/2010, do 5 de xullo, sobre as infraestruturas e os servizos de información xeográfica en España, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español a Directiva 2007/2/CE, do 14 de marzo de 2007, pola que se establece unha infraestructura de información espacial na Comunidade Europea (Inspire).

3. Así mesmo, a información contida no SIXPAC coordinarase coa do Catastro Inmobiliario, especialmente mediante a actualización periódica das parcelas SIXPAC a partir das parcelas catastrais e mediante a expresión da referencia catastral das parcelas catastrais integrantes das parcelas agrícolas, e estableceranse as fórmulas de colaboración, tanto técnica como financeira, entre o FEGA e a Dirección Xeral do Catastro, co fin de manter a adecuada coherencia entre os datos dispoñibles en ambos os sistemas.

Disposición transitoria única. *Desenvolvemento da capa de superficies de interese ecolóxico.*

A creación da capa de superficies de interese ecolóxico á cal se fai referencia no anexo I levarase a cabo de acordo coa planificación que se estableza no marco da Mesa de Coordinación, e a súa plena operatividade deberá quedar garantida o 1 de xaneiro de 2018. En calquera caso, as comunidades autónomas deberán tomar as medidas oportunas para que se rexistren na dita capa as superficies de interese ecolóxico que procedan para cada campaña, antes de iniciar o cálculo do importe do pagamento para prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente, a que se fai referencia no artigo 24 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

A partir do 1 de xaneiro de 2015 queda derrogado o Real decreto 2128/2004, do 29 de outubro, polo que se regula o Sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación contida no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para ditar as disposicións que exixa o desenvolvemento deste real decreto e, en particular, para introducir nos anexos as modificacións ou actualizacións que resulten necesarias.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2015.

Dado en Madrid o 19 de decembro de 2014.

FELIPE R.



## ANEXO I

## Características técnicas do SIXPAC

I. *Características da base de datos*

## 1. Información gráfica:

A información gráfica básica do SIXPAC componse da delimitación xeográfica de cada parcela do terreo, que conterá un ou varios recintos clasificados con algún dos usos citados no artigo 4, superposta a unha base cartográfica formada por mapas e ortofotografías aéreas, e proporciona unha visión continua de terreo de todo o territorio nacional.

A información gráfica do SIXPAC componse de:

1) Cartografías en formato vectorial, que cumpren as normas exixibles para a escala 1:5.000, de:

- a) Parcelas, coincidentes coas parcelas catastrais.
- b) Recintos, un ou varios por cada parcela, clasificados con algún dos usos citados no artigo 4.
- c) Árbores de froitos secos.
- d) Superficies de interese ecolóxico, segundo a definición do artigo 24 do Real decreto 1075/2014, do 19 de decembro, sobre a aplicación a partir de 2015 dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural.
- e) Particularidades topográficas ou elementos da paisaxe, segundo se definen no artigo 2 d) do Real decreto 1078/2014, do 19 de decembro, polo que se establecen as normas da condicionalidade que deben cumprir os beneficiarios que reciban pagamentos directos, determinadas primas anuais de desenvolvemento rural, ou pagamentos en virtude de determinados programas de apoio ao sector vitivinícola.
- f) Rexións do réxime de pagamento básico, segundo se definen no artigo 7 do Real decreto 1076/2014, do 19 de decembro, sobre asignación de dereitos de réxime de pagamento básico da política agrícola común.

- 2) Outras cartografías de referencia.
- 3) Ortofotografías e mapas topográficos.

## 2. Información alfanumérica:

A base de datos alfanumérica contén a seguinte información mínima de cada un dos recintos: códigos de identificación, superficie, coeficiente de admisibilidade en pastos, perímetro, código de uso asignado, incidencias detectadas na subdivisión, coeficiente de regadío, pendente media, elixibilidade, número de árbores de froitos de casca por especies (amendoeira, alfarrobeira, abeleira, nogueira e pistacho), así como outra información que se determine na Mesa de Coordinación.

Ademais, a cartografía de superficies de interese ecolóxico incluírá información alfanumérica polo menos sobre o tipo e superficie ponderada.

II. *Características do sistema informático*

O modelo funcional do SIXPAC responde a unha arquitectura de datos centralizada ou distribuída cuxa actualización se realiza desde terminais ou sistemas locais situados nas comunidades autónomas ou no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, así como desde dispositivos móbiles, de acordo cuns mesmos requisitos técnicos e de seguridade.

O sistema informático xestiona toda a información gráfica e alfanumérica indicada no número I.

1. Funcións básicas que permite o sistema informático:

a) Consulta da información por parte de todos os axentes do sector –agricultores, entidades colaboradoras e administracións públicas–, a través dos sistemas informáticos dispostos para o efecto. Esta consulta poderase realizar a través de copias locais ou directamente desde a internet.

b) Actualización da base de datos, xa sexa por edición directa ou substitución da información desde os sistemas instalados nas comunidades autónomas, co sometemento previo aos requirimentos de seguridade necesarios.

c) Exportación de información desde a base de datos, dunha zona concreta do territorio, en distintos formatos, producindo ficheiros que se transmiten a través do sistema de comunicacións, cos correspondentes requisitos de seguridade.

2. Sistema de seguridade:

a) Consta dun sistema de seguridade baseado no par usuario-contrasinal, para funcións que impliquen actualización de datos, deseñado para permitir, nun futuro, a implantación de sistemas de certificación dixital de identidade do usuario.

b) Dispón de mecanismos de control de accesos para permitir asignar a cada usuario as súas posibilidades de actuación.

c) O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e as comunidades autónomas garantirán a seguridade e a integridade da información e o réxime de autorización e acceso ao sistema. En todo caso, deberase coñecer a identidade do autor de calquera modificación e a data en que esta foi realizada, ademais de dispoñer en todo momento do acceso á información nunha data determinada.

3. Sistema de comunicacións:

O modelo de comunicacións está baseado no uso dunha extranet ou internet en función do tipo de usuario e das funcións atribuídas.

Os requisitos de seguridade do sistema de comunicacións serán elevados. Estes requisitos serán definidos polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

a) Extranet: rede baseada en circuitos privados, e/ou redes privadas virtuais sobre circuitos públicos, que permiten manter a base de datos única, interconectando os diferentes sistemas de información que constitúen o SIXPAC. Permite a transferencia de datos relativos a procesos de consulta e actualización de forma áxil e segura.

b) Internet: rede utilizada para a realización de consultas á base de datos polos usuarios finais.

## ANEXO II

### Usos definidos no SIXPAC

#### *Usos agrícolas*

#### Terras de cultivo

Uso SIXPAC	Descrición
IV	Invernadoiros e cultivos baixo plástico.
TA	Terras arables.
TH	Horta.

## Cultivos permanentes

Uso SIXPAC	Descrición
CF	Asociación cítricos-froiteiras.
CI	Cítricos.
CS	Asociación cítricos-froiteiras de casca.
CV	Asociación cítricos-viñedo.
FF	Asociación froiteiras - froiteiras de casca.
FL	Froitos secos e oliveiral.
FS	Froitos secos.
FV	Froitos secos e viñedo.
FY	Froiteiras.
OC	Asociación oliveiral-cítricos.
OF	Oliveiral-froiteira.
OV	Oliveiral.
VF	Viñedo-froiteira.
VI	Viñedo.
VO	Viñedo-oliveiral.

## Pastos

Uso SIXPAC	Descrición
PA	Pasto con arboredo.
PR	Pasto arbustivo.
PS	Pasteiro.

## Outros

Uso SIXPAC	Descrición
ZC	Zona concentrada non incluída na ortofoto.
ZV	Zona censurada.

## Usos non agrícolas

Uso SIXPAC	Descrición
AG	Correntes e superficies de auga.
CA	Vías.
ED	Edificacións.
FO	Forestal.
IM	Improdutivos.
ZU	Zona urbana.